



Gregorio SANZ
Avda. de Luarca s/n
27700 -RIBADEO (Lugo)
Teléfono/Fax: 982 128848
ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

MEMORIA ACTIVIDADES CURSO 2010/2011

Liñas de actuación en base ao proxecto presentado.

OBXECTIVOS DO PROXECTO:

- Facer conscientes aos alumnos/as do estado do recinto escolar, como medio físico, próximo a eles, e inicialos na recuperación dos espazos.
- Sensibilizar, implicar e comprometer a toda a comunidade educativa na educación ambiental.
- Concienciar aos alumnos que a auga é un ben escaso e que polo tanto debemos facer un uso adecuado dela.
- Coñecer o punto donde se recolle a auga que chega ao noso centro, e o percorrido que fai, así como o curso do río correspondente.
- Observar os distintos tratamentos que recibe a auga para poder convertela en apta para o consumo humano.

ACTUACIÓNS:

Semana medioambiental

- Reposición de plantas secas e cobertura de espazos baleiros.
- Plantación:

O día 25 /03/2011 levouse a cabo no recinto escolar unha plantación de árbores autóctonas (carballos, castiñeiros, bidueiras) e algunha árbore froiteira. Plantáronse en total 6 (unha árbore por ciclo de Educación Primaria). Ó mesmo tempo que se procedía á plantación, onde os alumnos participaron activamente, o Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Ribadeo, ía impartindo charlas informativas, sobre os coidados das árbores que se estaban a plantar, sistemas de reprodución e posta en práctica dalgún deles.

Ese mesmo día o alumnado de Educación Infantil, participou da plantación de plantas ornamentais nas rocallas da entrada principal ao centro(primaveras e camelias).

Ó longo desa semana, dotáronse os pasillos interiores de plantas ornamentais naturais, en total 6, así como das correspondentes xardineiras.



Gregorio SANZ
Avda. de Luarca s/n
27700 -RIBADEO (Lugo)
Teléfono/Fax: 982 128848
ceip.gregorio.sanz@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Previamente e durante a semana, traballouse a nivel titorías, nas aulas fomentando a sensibilidade cara ao medio ambiente.

➤ **Visitas previstas:**

Temos programado, facer unha visita ao nacemento do Eo, e percorrer o seu curso. O motivo desta é coñecer o punto desde onde se fai acopio da auga que chega ao núcleo de Ribadeo, e polo tanto ao noso centro. Deterémonos no seu nacemento (Fonte) e nalgunhas das localidades polas que pasa. Faremos fincapé no lugar onde ten lugar a captación da auga para Ribadeo. Fixarémonos así mesmo nos bosques autóctonos que hai na súa ribeiras. Xantaremos na área recreativa de Ría de Abres, no entorno do Eo, onde está ubicado un observatorio de aves da Ría de Ribadeo e que actualmente está encadrado na Reserva da Biosfera. Finalmente, e xa pola tarde, faremos unha visita á depuradora co fin de coñecer os distintos tratamentos ao que se samente a auga para facela apta para o consumo humano.

Esta viaxe está planificada dentro das actividades da semana cultural, terá lugar o día 20 de xuño e dela manderemos un anexo a esta memoria con fotos, murais etc.

MATERIAS EMPREGADOS:

terra, plantas, abono, materias de xardinería.